

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 25 de novembro de 2016

# 3801-02-OE05 Contas das Sociedades Mercantís de Galicia

## PROXECTO TÉCNICO

### 1. Antecedentes

#### As bases de datos BACH e RSE

No ano 1985 a Comisión Europea comezou a construír unha base de datos das contas de empresas non financeiras, agregadas en función da actividade económica e do tamaño, dando orixe ó Proxecto BACH (Bank for the Accounts of Companies Harmonised). No 1987 os principais Bancos Centrais e a Comisión Europea institúen o Comité Europeo de Central de Balances (CECB). Un grupo de traballo, creado no seo deste Comité, define unha relación de *ratios* harmonizadas e siñificativas co fin de ampliar, cun enfoque estatístico, a potencia analítica da base de datos BACH. Nacía así a base de datos RSE (“Referencias Sectoriais Europeas”) que, en síntese, presentaba os percentís 25, 50 e 75 de 28 *ratios* para uns niveis de agregados sectoriais e tamaños similares aos empregados na base de datos BACH. O obxectivo desta ferramenta era facilitar referencias sectoriais coas que comparar os resultados das empresas nos diferentes países europeos. Neste contexto, o Banco de España crea a Central de Balances, unha base de datos das sociedades mercantís non financeiras, nutrida a partir de cuestionarios remitidos por colaboración voluntaria das empresas.

#### Os depósitos das contas anuais nos Rexistros Mercantís como fonte de información

Na década dos 1990s hai un avance importante na dispoñibilidade da información contable das empresas, derivado dos cambios na lexislación polos que as sociedades mercantís quedan obrigadas a depositar as súas Contas Anuais nos Rexistros Mercantís (RRMM) da provincia na que teña a sede social; como consecuencia, a información contable, antes reservada, pasa a ter carácter público. Os RRMM, conscentes do interese desta fonte de información no seu poder, poñen en marcha o Centro de Procesos Estadísticos (CPE) para someter as Contas Anuais das Sociedades Mercantís a un proceso de dixitalización. Esta fonte administrativa de datos contables implica a posibilidade dun tratamento masivo da información; a desagregación territorial segundo a sede social das empresas, vai permitir ás Comunidades Autónomas construír unha ferramenta de análise da dinámica societaria, antes limitada ó Banco de España a través da Central de Balances.

#### Incorporación nas estatísticas do IGE: os “Indicadores do sector empresarial”

Algunhas CCAA incorporan na súa actividade estatística, con enfoques e ritmos diferentes, a explotación dos datos derivados dos RRMM, tomando como fío condutor as *ratios* antes definidas na base de datos RSE e as variables que interveñen no seu cálculo. No caso de Galicia, o IGE inclúe, a partir de 2006, unha operación estatística específica baixo o nome de

“Indicadores do sector empresarial” (clave OE 38-102 do Programa Estatístico de Galicia para 2016).

### **Xustificación dos cambios na difusión da información: as “Contas das Sociedades Mercantís de Galicia”**

Nos últimos exercicios, a base de datos procedente dos RRMM da cobertura á práctica totalidade da información contable das sociedades mercantís non financeiras (unhas 48 mil empresas no caso de Galicia), referida ás variables que conforman o balance e a conta de resultados, harmonizadas e secuenciadas segundo o esquema do Plan Xeral de Contabilidade (PGC 2007). Esta información, en valores absolutos, pode completarse cunha selección de agregados e *ratios* de maior interese para a análise e seguimento da economía de Galicia. Esta orientación resulta coherente cos traballos de integración das bases BACH e RSE iniciados polo Banco de España en 2012, cun formato de información revisado e adaptado tanto ós cuestionarios oficiais de presentación das contas nos RRMM coma os estándares internacionais.

A elaboración e difusión de resultados baixo este novo enfoque implica cambios importantes en relación á metodoloxía que articula a actual operación de “Indicadores Empresariais” (OE 38-102). Os cambios afectan tanto ó tratamento da información de base coma á súa tabulación e presentación de resultados, o que aconsella unha substitución da operación vixente por unha nova, baixo o nome “Contas das Sociedades Mercantís de Galicia”, a incluír no Programa Estatístico de Galicia para 2017.

## **2. Obxectivos**

O obxectivo central da operación “Contas das Sociedades Mercantís de Galicia” é ordenar, agregar e difundir a información económico-financiera das empresas con sede social en Galicia, como unha ferramenta que permite un mellor coñecemento da súa actividade en termos contables.

Como obxectivos específicos a operación busca proporcionar información detallada que permita: i) a análise do comportamento empresarial contable; ii) establecer comparacións entre as diferentes ramas de actividade; iii) establecer comparacións por tamaño da empresa; iv) seguir a súa evolución ao longo do tempo, e v) contribuír ao coñecemento das relacións, estratexias e fontes de financiamento para poder afondar na situación competitiva da empresa.

### **3. Ámbito de investigación**

#### **Ámbito poboacional**

O ámbito poboacional da operación é o conxunto de empresas que presentan as súas contas de resultados nos Rexistros Mercantís de Galicia. A presentación das contas é unha obriga legal prevista no Código de Comercio que establece que “deberá presentarse un exemplar das contas anuais no Rexistro Mercantil do domicilio das sociedades anónimas, de responsabilidade limitada, comandataria por accións e de garantía recíproca e, en xeral, calquera outros empresarios que veñan obrigados a dar publicidade ás súas contas anuais”.

Con relación á cobertura, dadas as características da información de base, queda fóra da investigación unha parte importante da actividade económica de Galicia, a levada a cabo por: i) as sociedades mercantís que tendo actividade en Galicia teñen a súa sede noutra Comunidade Autónoma; ii) os autónomos e sociedades non mercantís que non teñan a obriga de presentar as contas, e iii) as sociedades mercantís que, aínda tendo a sede en Galicia e estando obrigados a presentar as contas, non cumbran con esta obriga regulamentaria.<sup>1</sup>

#### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego. As características da fonte de información permiten unha desagregación territorial ata o nivel de concello, se ben a difusión limitarase ó nivel de provincia.

#### **Ámbito temporal**

O ámbito temporal correspóndese co ano natural. A dispoñibilidade da información vai condicionar o desfase entre ano de referencia e ano de difusión, de xeito que as contas económicas do exercicio “n” vanse publicar no ano “n+2”; así, no 2017 difundirase a información de 2015, xunto coa serie dispoñible dende 2008, primeiro ano de vixencia do Plan General de Contabilidad 2007

### **4. As fontes de información**

#### **Os modelos normalizados de Balance e Conta de resultados.**

---

<sup>1</sup> O non cumprimento das obrigas de presentación das contas en tempo e forma é sancionable cunha multa á sociedade por cada ano de retraso; as sancións prescriben ós tres anos. A pesares desta previsión legal, non se coñecen casos de levar a cabo expedientes de sanción e, na práctica, a actuación límitase ó peche da Folla Rexistral, o que impide impide o funcionamento normal da sociedade.

O depósito das contas anuais nos Rexistros Mercantís lévase a cabo no modelo normalizado. Estes modelos foron publicados no BOE do 10 de febreiro de 2009 nas súas variantes de “normal”, “abreviado” e “PYME”.

As partidas que recolle en cada caso o “Balance” e a “Conta de Resultados” responden ás definicións e criterios contables previstos na normativa vixente na materia: Lei 16/2007, de 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable, Plan Xeral de Contabilidade (RD 1514/2007, de 16 de novembro) e Plan Xeral de Contabilidade de PYME (RD 1515/2007, de 16 de novembro).

A efectos desta operación, a información dos diferentes modelos foi reducida á que ofrece o modelo PYME (ver Anexo 1), por ser o mais representativo da estrutura empresarial de Galicia e conter a información básica necesaria para a análise e construción das *ratios* mais relevantes.

A información actualizada é recibida no IGE como base de datos SABI (“Sistema de Análises de Balances Ibéricos”) a través da empresa Informa.

## **5. Plan de difusión**

A publicación dos resultados terá unha periodicidade anual. A disponibilidad da información de base condiciona o calendario de difusión, cunhas previsións, a título orientativo, de publicar a información relativa ó exercicio contable do ano “n” no segundo trimestre do ano “n+2”.

A presentación dos resultados contempla unha agregación por sectores de actividade, tamaño da empresa e provincia. A estratificación por tamaño, segue a Recomendación 2003/361/CE. As lagoas observadas na variable emprego aconsellan tomar o “Importe neto da cifra de negocio” da empresa como referencia para os 4 estratos seguintes: “micro” (<2 M€), “pequena” (2 a <10 M€), “mediana” (10 a <50 M€) e “grande” (>=50 M€)

O nivel de detalle actividade-tamaño virá condicionado polo interese analítico e a disponibilidad de información. De acordo coas condicións de acceso á información de base, non se vai difundir ningún agregado que non conte cun mínimo de 6 observacións (empresas).

Publicaranse dous tipos de táboas multidimensionais:

- 1) Con información relativa ó período de referencia, ano “n”
- 2) Con información comparable sobre base homoxénea de empresas para os anos “n” e “n-1”

Os resultados presentan os valores absolutos das principais partidas do balance e da conta de resultados (Anexo II), xunto cunha selección de agregados e *ratios* calculadas (Anexo III)



## BALANCE DE PYMES

BP2.1

NIF: <input type="text"/>		Espacio destinado para las firmas de los administradores		
DENOMINACIÓN SOCIAL:				
_____				
_____				
PATRIMONIO NETO Y PASIVO		NOTAS DE LA MEMORIA	EJERCICIO (1)	EJERCICIO (2)
A) PATRIMONIO NETO .....	20000			
A-1) Fondos propios .....	21000			
I. Capital .....	21100			
1. Capital suscrito .....	21110			
2. (Capital no exigido) .....	21120			
II. Prima de emisión .....	21200			
III. Reservas .....	21300			
IV. (Acciones y participaciones en patrimonio propias) .....	21400			
V. Resultados de ejercicios anteriores .....	21500			
VI. Otras aportaciones de socios .....	21600			
VII. Resultado del ejercicio .....	21700			
VIII. (Dividendo a cuenta) .....	21800			
A-2) Ajustes en patrimonio neto .....	22000			
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos .....	23000			
B) PASIVO NO CORRIENTE .....	31000			
I. Provisiones a largo plazo .....	31100			
II. Deudas a largo plazo .....	31200			
1. Deudas con entidades de crédito .....	31220			
2. Acreedores por arrendamiento financiero .....	31230			
3. Otras deudas a largo plazo .....	31290			
III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a largo plazo .....	31300			
IV. Pasivos por impuesto diferido .....	31400			
V. Periodificaciones a largo plazo .....	31500			
VI. Acreedores comerciales no corrientes .....	31600			
VII. Deuda con características especiales a largo plazo .....	31700			

## BALANCE DE PYMES

BP2.2

NIF: <input type="text"/>		Espacio destinado para las firmas de los administradores		
DENOMINACIÓN SOCIAL:				
_____				
_____				
PATRIMONIO NETO Y PASIVO		NOTAS DE LA MEMORIA	EJERCICIO (1)	EJERCICIO (2)
C) PASIVO CORRIENTE .....	32000			
I. Provisiones a corto plazo .....	32200			
II. Deudas a corto plazo .....	32300			
1. Deudas con entidades de crédito .....	32320			
2. Acreedores por arrendamiento financiero .....	32330			
3. Otras deudas a corto plazo .....	32390			
III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a corto plazo .....	32400			
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar .....	32500			
1. Proveedores .....	32580			
a) Proveedores a largo plazo .....	32581			
b) Proveedores a corto plazo .....	32582			
2. Otros acreedores .....	32590			
V. Periodificaciones a corto plazo .....	32600			
VI. Deuda con características especiales a corto plazo .....	32700			
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C) .....	30000			

**CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS DE PYMES**

**PP**

NIF: <input style="width: 100%;" type="text"/>  DENOMINACIÓN SOCIAL: <hr style="border: 0; border-top: 1px solid black; margin-bottom: 5px;"/> <hr style="border: 0; border-top: 1px solid black; margin-bottom: 5px;"/>	Espacio destinado para las firmas de los administradores
---	--

	(DEBE) / HABER	NOTAS DE LA MEMORIA	EJERCICIO (1)	EJERCICIO (2)
1. Importe neto de la cifra de negocios .....	40100			
2. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación .....	40200			
3. Trabajos realizados por la empresa para su activo .....	40300			
4. Aprovisionamientos .....	40400			
5. Otros ingresos de explotación .....	40500			
6. Gastos de personal .....	40600			
7. Otros gastos de explotación .....	40700			
8. Amortización del inmovilizado .....	40800			
9. Imputación de subvenciones de inmovilizado no financiero y otras .....	40900			
10. Excesos de provisiones .....	41000			
11. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado .....	41100			
12. Otros resultados .....	41300			
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12) .....	49100			
13. Ingresos financieros .....	41400			
a) Imputación de subvenciones, donaciones y legados de carácter financiero .....	41430			
b) Otros ingresos financieros .....	41490			
14. Gastos financieros .....	41500			
15. Variación de valor razonable en instrumentos financieros .....	41600			
16. Diferencias de cambio .....	41700			
17. Deterioro y resultado por enajenaciones de instrumentos financieros .....	41800			
B) RESULTADO FINANCIERO (13 + 14 + 15 + 16 + 17) .....	49200			
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A + B) .....	49300			
18. Impuestos sobre beneficios .....	41900			
D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C + 18) .....	49500			



## **Anexo II Presentación de resultados: Partidas do Balance e da Conta de resultados**

<b>BALANCE</b>
<b>ACTIVO</b>
A) ACTIVO NON CORRIENTE
I Inmobilizado intanxible
II Inmobilizado material
III-VII Outros activos fixos
B) ACTIVO CORRIENTE
I Activos non correntes mantidos para a venda
II Existencias
III Debedores comerciais e outras contas a cobrar
IV-VII Outros activos correntes
TOTAL ACTIVO (A+B)
<b>PASIVO E CAPITAL PROPIO</b>
A) PATRIMONIO NETO
A-1) Fondos propios
I Capital
II-IX; A-2; A-3 Outros fondos
B) PASIVO NON CORRIENTE
I Provisións a longo prazo
II-III Débedas a longo prazo
IV Pasivos por impostos diferidos
V-VII Outros pasivos a longo prazo
C) PASIVO CORRIENTE
I Pasivos vinculados con activos non correntes
II Provisións a corto prazo
III-IV Débedas a corto prazo
V Acredores comerciais e outras contas a pagar
VI-VII Outros pasivos a corto prazo
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)

<b>PÉRDIDAS E GANANCIAS</b>
1 Importe neto da cifra de negocios
2 Variación de existencias de produtos terminados ou en curso de fabricación
3 Traballos feitos para o activo
4 Aproveisionamentos
5 Outros ingresos de explotación
6 Gastos de persoal
7 Outros gastos de explotación
8 Amortización do inmovilizado
9-13 Outros resultados de explotación
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>
14 Ingresos financeiros
15 Gastos financeiros
16-18 Outros resultados financeiros
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>
19 Impostos sobre os beneficios
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>

## Anexo III Presentación de resultados: Agregados, saldos e ratios

AGREGADOS E SALDOS
Valor agregado
Cash flow
EBIT
EBITDA

SELECCION DE RATIOS CALCULADAS:	
<b>1) RATIOS FINANCEIRAS</b>	
Liquidez xeral	Activo corrente / Pasivo corrente
Tesourería	Activo corrente minorado en Existencias e debedores comerciais / Pasivo corrente
Solvencia	Activo total / Recursos alleos
Coefficiente de endebedamento	Recursos alleos / Patrimonio neto
Coefficiente de endebedamento	Recursos alleos / Patrimonio neto
Autonomía financeira	Fondos propios / Pasivo esixible (Pasivo corrente + Pasivo non corrente)
PMC: Período medio de cobros (días)	Debedores comerciais / Cifra neta de negocios * 365
PMP: Período medios de pagos (días)	Acredores comerciais / (Aprovisionamentos + Outros gastos de explotación) * 365
Autofinanciamento do inmovilizado	Fondos propios / Inmovilizado
<b>2) RATIOS DE ACTIVIDADE E EFICIENCIA</b>	
Tasa de variación da cifra de negocios	Variación cifra neta de negocios ano "n" sobre "n-1" (%)
Valor agregado / Cifra neta de negocios	
Gastos de persoal / Cifra neta de negocios	
Resultado do exercicio / Cifra neta de negocios	
EBITDA / Cifra neta de negocios	
Marxe neto de explotación	Resultado de explotación / Cifra neta de negocios
Rendabilidade económica	Resultado de explotación / Total activo
Rotación de activos	Cifra neta de negocios / Total activo
Custe bruto da débeda	Gastos financeiros / Recursos alleos